

I Concurso de Debuxo Infantil

O ciclo da auga, unha aventura para valentes

Ola valente:

Seguro que sabes o importante que é a auga nas nosas vidas. Agora, demóstranos que sabes como chega dende a natureza ata as nosas casas, paso a paso.

Comeza o teu desafío e opta a grandes premios!!

nome e apelidos

curso

colexio

teléfono do centro

poboación

provincia

idade

Autorización do pai/nai ou titor

Para a participación no concurso, conforme ao art. 13 do REAL DECRETO 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Firma do pai/nai ou titor



Bases do concurso

1. Poderán participar todos aqueles nenos e nenas que se atopen cursando 3º e 4º curso de Primaria no Concello de Porriño, Tui, Salceda de Caselas e Mos.
2. O prazo de presentación será o comprendido entre o **2 de maio de 2016** e o **23 de maio de 2016**.
3. Os nenos e nenas teñen que amosar nos seus debuxos como a auga chega dende a natureza ata as súas casas utilizando os diferentes elementos que forman o ciclo integral da auga.
4. Os debuxos débense presentar no papel oficial que o Consorcio do Louro subministra para este Concurso.
5. Non se aceptarán aqueles traballos que non inclúan os datos do concursante e do seu Centro Escolar, nin a autorización do pai/nai ou titor.
6. Os traballos deben entregarse na oficina comercial do Consorcio do Louro.
7. O xurado do Concurso estará especialmente elixido polo Consorcio do Louro. A decisión do xurado será incuestionable.
8. **Concederanse os seguintes premios:**

Categoría individual: 4 Tablet Samsung 7", unha para cada gañador.

Finalistas: 8 cámaras dixitais acuáticas, unha para cada finalista.

9. O nome dos gañadores publicarase nas oficinas do Consorcio de Louro e na web, www.consorciodolouro.es a partir do 5 de xuño de 2016.
10. Todos os traballos recibidos pasarán a ser propiedade do Consorcio do Louro. Todos os traballos enviados por cada participante empregaranse no concurso, para facer entrega dos premios e desenvolver pezas de comunicación do Consorcio do Louro e no seu caso, do seu municipio ou entidade local. Os datos persoais que se solicitan teñen como obxectivo xestionar o concurso e contactar cos participantes que resulten premiados, así como a realización de reportaxes e eventos de entrega de premios e a publicación dos premiados na citada web. Posteriormente serán destruídos.

Para o bo desenvolvemento do concurso será necesario que os datos persoais dos participantes, así como os facilitados para a entrega dos premios, sexan veraces, completos e actuais, ao que se comprometen a través da aceptación destas Bases. Se os datos de carácter persoal dun gañador do concurso fosen incertos, falsos, incompletos ou non fosen actualizados de maneira que a identificación do gañador sexa imposible por medios razoables, O Consorcio do Louro resérvase o dereito a descalificarlos do concurso, quedando libre de toda responsabilidade ao respecto.

Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, para vostede mesmo ou en representación do participante do Concurso, remitindo un escrito coa ref. "Protección de Datos" e fotocopia do DNI do titular dos datos, ao seguinte enderezo postal, C/ Federico Salmón, 13. 28016 Madrid ou cursando a súa petición cos mesmos requisitos a través de protecciondedatos@fcc.es.

11. Mediante a aceptación das presentes Bases, os representantes legais dos participantes que resulten declarados gañadores ceden ao Consorcio do Louro, en exclusiva e con facultade de cesión a terceiros, os dereitos de imaxe que puidesen corresponderlles como consecuencia da súa participación no Concurso e que poderán ser obxecto de comunicación pública a través de diversos medios de comunicación (páxinas web, redes sociais, etc.)

A tal efecto, o representante legal do participante autoriza ao Consorcio do Louro a utilización da imaxe e datos persoais do participante que poidan ser solicitados durante o desenvolvemento do Concurso, co fin de permitir a súa explotación mediante calquera modalidade, para todo o mundo e sen límite de tempo.

Dereitos de propiedade intelectual

O participante garante que é o único titular dos dereitos de propiedade intelectual de cada unha das historias que se presenten ao concurso e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas historias presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe e/ou de propiedade intelectual.

Adicionalmente o participante cede ao Consorcio do Louro os dereitos de explotación e difusión de fotografías a través de, sen carácter limitativo, medios de comunicación, exposicións, campañas publicitarias, redes sociais, páxinas web, etc. Así mesmo, o participante cede ao Consorcio do Louro os dereitos patrimoniais que recaen sobre as historias sen limitación temporal e/ou espacial.

12. A participación no Concurso supón o coñecemento do contido e a plena aceptación destas bases. No caso de menores, a aceptación haberá de realizarse por parte do seu pai/nai/titor.

I Concurso de Debuxo Infantil

O ciclo da auga, unha aventura para valentes

Participa, aprende, divírtete e...

Consegue fantásticos agasallos!



4 TABLET
SAMSUNG 7"

Unha para cada gañador
categoría individual



8 CÁMARAS
DIXITAIS ACUÁTICAS

Unha para cada finalista

